



Máis produtividade coa mesma man de obra

A explotación portuguesa Agropecuária Pinheiro e Filhos Lda. (Santa Maria da Feira) robotizou o muxido dos seus animais fai en febreiro xustamente tres anos. António Manuel Pereira, xunto ao seu pai, António Pinheiro, e os seus irmáns, Rui e Belmiro Pereira, socios do negocio, mantiñan antes do cambio un total de 130 produtoras e dábanlles emprego a catro traballadores.

A día de hoxe, o rabaño aumentou en 50 vacas e moxen 120 en dous GEA DairyRobot R9500 e as 60 restantes nunha sala de espiña de peixe 8x2. Coa combinación dos dous sistemas son ben coñecedores dos beneficios que lles están achegando os robots.

Coa mesma man de obra, son capaces de producir máis litros de leite, pois incrementaron o número de cabezas e o número de muxidos por vaca. Ademais, o traballo é máis ameno e as vacas gozan dun maior confort e de máis tranquilidade.

Para falar de todo iso, visitamos esta granxa situada ao norte de Portugal, moi preto de Porto, e abordamos todo o proceso de cambio e a súa valoración actual con António Manuel Pereira; Luis Reis, técnico de mantemento de Gondimil, distribuidora de GEA na zona, e Sergio Vieira, delegado comercial de GEA en Portugal.

Explotación: Agropecuária Pinheiro e Filhos Lda.
Localización: Santa Maria da Feira (Portugal)
Número total de animais: 500
Vacas en produción: 120 en robot e 60 en sala
Media de produción: 34 litros/vaca/día
Media de número de muxidos en robot: 2,8
Número de muxidos en sala: 2
Porcentaxe de graxa: 3,80 %
Porcentaxe de proteína: 3,25 %
RCS: 180.000 cél./ml



António Manuel Pereira: “Cos robots conseguimos producir moito máis coa mesma man de obra, porque podemos ter máis animais”

Que sistema de muxido tiñan antes de instalar o robot?

Antes traballabamos só coa sala, unha espiña de peixe 8x2.

Por que decidiron robotizar o muxido?

Empecei a pensar nos robots hai 10 anos ou mesmo máis. Debemos sempre modernizarnos e evolucionar.

Por que elixiron GEA?

Foi o robot que máis nos gustou entre os que hai no mercado. Convinceume a capacidade de estar preto, de acceso ás vacas. Permíteme, ademais, o muxido manual, que outros non o permiten. Gustoume esta marca e apostei por ela.

Cando o instalaron?

Instálamo-lo hai tres anos, recentemente cumpridos o 14 de febreiro.

Como planificaron o proceso de instalación do robot?

A verdade é que foi fácil de programar, ao contar cunha instalación nova. Desde que a nave estaba lista, comezamos a montar os robots e, a partir de aí, fomos trasladando os animais. Para iso non tivemos problemas.

Como lembran o proceso de cambio?

Os primeiros meses foron complicados, non sei se era culpa dos animais, dos robots ou dos traballadores. Chegado un punto, todo mellorou.



Luis Reis

Técnico de mantemento/comercial de Gerdinil, distribuidora de GEA na zona

Como foi o proceso de instalación?

Como a instalación era nova, estudamos previamente a localización dos robots e das portas de preselección e postselección. Os robots colocáronse ao carón da nave e así conseguimos ter o traballo máis localizado e máis fácil. Ao estar todo baleiro e limpo, a montaxe non provocou grandes problemas, foi rápida.

Teñen tres filas de cubículos dobres, cabeza con cabeza, e recomendamos dúas portas de preselección. Aínda que de momento está todo xunto, poderíase dividir o rabaño en dous lotes independentes.

“Os animais están máis calmados e aumentaron en número de muxidos”

En que consiste o seu asesoramento posvenda?

Asesoramos os clientes despois da venda axudándoos con todas as necesidades que van tendo durante o proceso de adaptación á nova máquina e forma de traballo.

Ademais, vemos cando teñen que facer as revisións preventivas, dando un servizo continuo de mantemento e soporte.

Que beneficios podería destacar dos robots nesta granxa?

Os animais están máis calmados e aumentaron en número de muxidos; por tanto, en canto á produción por vaca conseguiron incrementala.

Como é a organización do traballo con robot e sala?

Cando chego á explotación cada mañá ás 6:30 horas, veño sempre ao robot a ver se ten algunha alarma ou algunha vaca atrasada e poño todo ao día. Logo, vou facer o muxido xunto a un dos meus traballadores e, ás 8:00 h, que chega outro dos empregados, xa se encarga de comprobar de novo os robots, da limpeza de camas e dos tratamentos pendentes.

Tentamos que os robots teñan o número de vacas axeiado. Cando necesito vacas para os robots, selecciono das que teño en sala as paridas recentemente ou as que teñen mellores ubres e incorpóroas aos lotes dos robots. Non fago esa elección por produción nin ando cambiando vacas de sala a robot.

Que diferenzas notan dun sistema a outro?

A sala esíxenos estar a unhas horas concretas e o robot non nos esixe iso.

Notei moita diferenza tamén polas condicións da nave. O establo antigo estaba moi saturado, tiña moitos animais. Iso dificultaba o traballo e as vacas estaban moito máis nerviosas. Agora están máis calmadas, teñen máis confort e trabállase bastante mellor.

Que beneficios lles achega a robotización?

Cos robots conseguimos producir moito máis coa mesma man de obra, porque podemos ter máis animais. Antes de instalar os robots, tiñamos 130 animais e pasamos en pouco tempo a 180, mentres os traballadores continúan sendo os mesmos, co mesmo traballo. Creo que é un bo beneficio nun momento no que a man de obra está tan cara e difícil.

Cal é o plan de futuro?

Agora mesmo manterémonos como estamos, pagaremos o investimento e despois todo dependerá do sector, do prezo do leite. Se cambian as cousas, podería pensar en investir noutro robot.



ENTREVISTA
EN VÍDEO



Sergio Vieira

Delegado comercial de
GEA en Portugal

Que características destaca do robot GEA?

Destacaría que efectúa todo o proceso de muxido de forma completa e con toda garantía nunha soa colocación, desde o lavado dos tetos, *predipping*, retirada dos primeiros chorros, estimulación da vaca e muxido ata a desinfección entre as vacas.

Que beneficios poden achegar os robots?

Neste momento, no que existe falta de profesionais cualificados, son cada vez máis necesarias solucións como a robotización. Recomendaría a instalación dos nosos robots para que os gandeiros poidan producir leite con menos man de obra, un factor bastante limitante.

“Coa robotización, o produtor buscaba a redución de man de obra e a flexibilidade de horarios”

Ademais, permiten un traballo máis leve para o produtor e os traballadores, o aumento do número de muxidos por vaca e o consecuente incremento da produción.

Neste caso en particular o que buscaba o produtor coa robotización era a redución de man de obra e a flexibilidade de horarios.

En que consiste o seu asesoramento nos diferentes proxectos de robotización con GEA?

Consiste en axudarlle ao produtor a escoller a máquina, proxectar a instalación do robot na nave, controlar a montaxe para poder aproveitar ao máximo o noso robot e, despois da venda e instalación, acompañalo na utilización dos nosos programas e resolver calquera dúbida que xurda.